



CONCELLO DE TEO (A CORUÑA)

D.^a VIRGINIA FRAGA DÍAZ, SECRETARIA XERAL DO CONCELLO DE TEO (A CORUÑA)

CERTIFICA:

Que a sra. alcaldesa, con data de 12 de agosto de 2025, ditou a seguinte **RESOLUCIÓN** :

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

ASUNTO: APROBACIÓN EXPEDIENTE DE ADQUISICIÓN DE INMOBLE SITO NO SAUR 3 "A RAMALLOSA". EXPEDIENTE 2025/C009/000002.

EXPEDIENTE: 2025/G003/001026

Á vista do actuado no expediente de adquisición directa, mediante compravenda, do inmovible que se describe a continuación:

Dirección: LUGAR RAMALLOSA, LUCI

Superficie: 4.515,73 m².

Lindeiros: Norte, con zona URTA de planeamento urbanístico en 45 mts; Sur, con rúa S-T en 38 mts e con aparcamento en 16 MTS; Leste con zona URTA en 66 mts e Oeste, con rúa T-G en 198 mts. Aproximadamente.

Descrición: Parcela de reemplazo número vinte e sete – EC/pv, do SAUR S-3 A Ramallosa, municipio de Teo, de catro mil cincocentos quince con setenta e tres metros cadrados de superficie e de forma rectangular en "L". As condicións de edificación é a de Equipamento Comercial de planta baixa máis unha planta. Ten un teito edificable de catro mil oitocentos metros cadrados

Referencia catastral: 6982812NH3368S0001LR

Inscrición no Rexistro da propiedade de Padrón: Tomo: 907, Libro: 342, Folio: 148, Inscripción 6^a, Data: 3 de Maio de 2017.



CONCELLO DE TEO (A CORUÑA)

Tendo en conta a Memoria incorporada ao expediente, do 26 de xuño de 2025, xustificativa da necesidade e conveniencia da adquisición, do fin ao que se ten previsto destinar o inmovible que se pretende adquirir e do procedemento de adxudicación que se propón seguir.

Vistos os informes de Secretaría, do 30 de xuño de 2025 e do 7 de agosto de 2025, o informe do arquitecto municipal, do 4 de xullo de 2025, o prego de condicións, do 7 de agosto de 2025, e os informes de intervención do 9 de xullo de 2025 e do 12 de agosto de 2025, incorporados ao expediente.

Considerando que, segundo o informe do arquitecto do 4 de xullo de 2025, sobre expediente de compra, o valor do inmovible cuxa adquisición se pretende ascende a setenta e tres mil cento catro euros (73.104,00 €).

Resultando que segundo o certificado de existencia de crédito, do 9 de xullo de 2025, incorporado ao expediente, existe crédito axeitado e suficiente, a nivel de vinculación xurídica, para adquisición do inmovible citado polo importe indicado, con cargo á partida 151/619.00 do orzamento vixente.

Vista a restante documentación que integra o expediente obxecto da presente e considerando que se cumpriron todos os trámites para proceder á adquisición directa dos inmovibles descritos.

En virtude do exposto, sendo competencia desta Alcaldía a adopción deste acordo e en virtude das atribucións que me confire a disposición adicional segunda da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público (LCSP),

RESOLVO:

Primeiro.- Aprobar o Prego de condicións, do 7 de agosto de 2025, que rexerá a adquisición directa polo Concello de Teo, mediante compravenda, de inmovible sito no SAUR-3 “A Ramallosa”, polo prezo de setenta e tres mil cento catro euros (73.104,000 €).



CONCELLO DE TEO (A CORUÑA)

Segundo.- Aprobar a taxación realizada polo arquitecto municipal valorando o inmovible no importe citado (73.104 €).

Terceiro.- Aprobar o expediente de contratación e o gasto correspondente, con cargo á partida 151/619.00 do vixente orzamento municipal, por importe de setenta e tres mil cento catro euros (73.104,00 €), segundo a valoración técnica que obra no expediente.

Cuarto.- Invitar ao propietario para ver se está interesado na adquisición e se acepta as condicións polas que se formalizará a mesma mediante compravenda.

Quinto.- Dar conta ao Pleno na vindeira sesión ordinaria que celebre.

E para que así conste, expido e asino a presente, de orde e co visto e praxe da sra. alcaldesa, en Teo na data da sinatura dixital que figura na marxe.

A secretaria xeral

Virginia Fraga Díaz

Vº e praxe

A alcaldesa

Lucía Calvo de la Uz